

**DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE OLEIROS DE
CONDENA AO XENOCIDIO CONTRA O POBO PALESTINO APOIADA
POLO GOBERNO MUNICIPAL DE ALTERNATIVA DOS VECIÑOS E O
BNG**

Foi Hemingway quen popularizou a cita do poeta inglés John Donne: *“Ninguén é unha illa, completo en si mesmo; cada home é un anaco de continente, unha parte da terra.. A morte de calquera home diminúeme porque estou ligado á humanidade; por conseguinte nunca preguntes por quen dobran as campás: dobran por ti.”*.

Hoxe, as campás dobran máis que nunca e a humanidade diminúe dende que o pasado oito de xullo o estado de Israel iniciase unha das súas cada vez máis repetidas operacións de exterminio, que aínda por rematar, arrastra xa unha cifra superior aos 1.000 mortos, 6.000 feridos, e un número de refuxiados e desprazados que supera amplamente ás 120.000 persoas.

Nada está a salvo dunhas ofensivas e bombardeos que apuntan directamente contra poboación civil. Según Nacións Unidas o 76% das vítimas mortais son civís, correspondéndose unha quinta parte dos mortos con nenos. Nenos que xogan, mulleres embarazadas, bebés, multitudes que morren ante a imposibilidade de atopar lugares seguros onde se protexer. Israel leva bombardeados barrios residenciais, mesquitas, mercados, zonas protexidas pola ONU, escolas infantís como a de Beit Hanún... hospitais como o de El-Wafa reciben impactos de mísiles e vense na obriga de evacuar a enfermos mentres aqueles de mobilidade reducida amontóanse nos pasillos lonxe de ventás e zonas exteriores. A sanidade está colapsada, emerxencias e coidados intensivos non poden ofrecer servizos, igualmente, o bloqueo á franxa impide a chegada incluso de auga potable e medicamentos.

Non é unha guerra nin unha batalla; é unha aniquilación. Non é a confrontación entre dous exércitos; é o exterminio de homes, mulleres e nenos indefensos. Un dos países máis armado e militarizado do mundo viola continuamente o dereito internacional, a declaración de Dereitos Humanos, a Convención de Xenebra e os tratados ou acordos que eles mesmos asinan. Non é casualidade que moitos dos Ministros e Primeiros Ministros de Israel sexan considerados criminais. Entre outros, que Benjamin Netanyahu proceda de Operacións Especiais do Exército israelí e que obstaculice a labor dos Tribunais de Xustiza internacionais; que o ex-Primeiro Ministro Olmert e a ex-Ministra Tzipi Livni, procedente do Mossad, sexan tratados como criminais de guerra pola súa responsabilidade na morte de 1.400 palestinos na Masacre de Gaza de 2009; ou que Ariel Sharon fose escollido Primeiro Ministro despois de que na súa xuventude comandase unha unidade militar especializada na matanza de civís.

O pasado día 23, o Consello para os Dereitos Humanos da ONU reunido en sesión extraordinaria acordaba unha resolución de protección a Palestina e condenaba “*as violacións xeralizadas, sistemáticas e flagrantes dos dereitos humanos*” nas operacións militares israelís. Foi, de novo, o momento da constatación do enorme poder que exerce o sionismo sobre as potencias occidentais. Fronte á condena da Ofensiva sobre Gaza e á apertura dunha comisión de investigación por crimes de guerra, o representante dos Estados Unidos votaba en contra ao tempo que a abstención era a opción escollida polos gobernos europeos. É dicir, a cruenta realidade era respondida con silencio, cinismo, e seguidismo aos responsables dos asasinatos. Europa cala ante o xenocidio; Estados Unidos só alza a voz para culpabilizar ás vítimas (mentres continúa financiando e proporcionando as armas utilizadas para sementar o pánico, a destrución e a morte), e o recién nomeado presidente israelí, Reuven Rivlin, estrea o seu cargo xustificando as matanzas.

Con ese mesmo cinismo que fai que o país, con máis orzamentos adicados a armamento, e cunha interminable lista de países bombardeados e intervídos, teña como presidente a un Premio Nobel da Paz, e no que o sionismo utiliza os seus lobbys, grandes recursos económicos e o seu control sobre entidades financeiras internacionais para enganar, presionar, coaccionar, e intimidar a calquera que non se dobregue aos seus ditados, é recorrente escoitar os máis irreais eufemismos. O ataque á flotilla de Gaza no 2010 na que a Marina Israelí, disparou e matou a dez activistas dunha ONG cuxo único delicto era levar axuda humanitaria a Gaza, recibeu o nome de “Operación Brisa de Mar”. A Operación que causou 166 mortes a finais de 2012 foi chamada “Pilar Defensivo”, e a que hoxe condenamos bautizouse como “Marxe Protectora”. Tamén as denominacións e as actitudes xornalísticas que se repiten crónicamente céntranse na reiteración dos argumentos xustificatorios, no tratamento informativo detallado cando se trata de caracterizar os padecementos dos xudeus en contraste coas referencias meramente estatísticas e anónimas das cifras de miles de vítimas palestinas.

Son os mesmos que padeceron o holocausto e que adican todos os seus recursos a que permaneza no recordo da humanidade, os que executan outro holocausto no que as matanzas masivas e os campos de concentración levan tempo sendo a realidade que se vive cada día nos territorios ocupados.

A necesidade de sacar á luz esta opresión e atrocidades debe de constituír o deber irrenunciable xa non de xornalistas ou analistas, senón de todos nós, de toda a cidadanía e de todos os representantes do pobo.

Deste xeito non cabe outra que condenar o ataque criminal perpetrado polo Estado de Israel contra a franxa de Gaza, reclamando o cese inmediato dos ataques e bombardeos israelís contra o pobo palestino.

Esixir o fin do bloqueo e o derrubamento do muro do apartheid que Israel está a construír na Palestina ocupada.

Defender o boicot diplomático, comercial, académico e cultural ao Estado de Israel mentras non cumpra a legalidade internacional e non repecte os dereitos do pobo palestino.

Apoiar os actos que se convoquen e que expresen repulsa social ao ataque criminal de Estado de Israel contra o pobo Palestino, facendo un chamamento aos oleirenses, e a cidadanía galega en xeral, para que manifesten de maneira masiva nas rúas o rexeitamento a este xenocidio.

Porque se hai algo peor que os berros desconsolados das vítimas, é o silencio dos cómplices.